



Concello de Moeche
Rúa da Feira, 32 – San Xoán
15563 – Moeche
www.moeche.gal

BASES DO II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA FEIRA DO GANDO VACÚN

PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN E OBXECTO

As bases redáctanse para regular e normalizar o II Concurso de Fotografía Feira do Gando Vacún. Este concurso está organizado polo Concello de Moeche para a dinamización da Feira do Gando Vacún que se vén celebrando dende o ano 2016 neste municipio.

SEGUNDA: CATEGORÍAS E REQUISITOS

Existen dúas categorías nas que participar:

- 1.- Foto dunha gandaría: onde se pode plasmar calquera actividade asociada ao traballo diario que desenvolven as nosas gandeiras e gandeiros (alimentación dos animais, limpeza das cortes, pastoreo, etc.)
- 2.- Foto da vida no rural en Moeche: imaxes que deixen patente calquera modo de vida vencellado á terra ou á crianza de animais.

Poderase remitir como máximo unha fotografía por participante en cada categoría.

No caso de uso de imaxe de menores de idade, será responsable de dito uso de imaxe do menor o participante no concurso.

TERCEIRA: PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías, que han de ser inéditas, deberán enviarse entre o 1 e 12 de xuño ao correo correo@moeche.gal

No correo farase constar o título da imaxe e o nome da autora ou autor. Con elas farase unha galería na páxina en Facebook do Concello de Moeche para que o público vote por elas dándolle ao “Gústame”.

O día da feira expóranse na nave do Mercado todas as fotografías presentadas ao concurso. Alí tamén poderemos votar nunha urna pola foto que máis nos guste, sumando eses votos aos “gústames” obtidos en Facebook.



Concello de Moeche
Rúa da Feira, 32 – San Xoán
15563 – Moeche
www.moeche.gal

CUARTA: XURADO E PREMIOS

Haberá un primeiro premio por cada categoría ademais dun premio á foto máis votada nas redes. O xurado estará composto por profesionais do mundo veterinario e da fotografía. O xurado poderá excluír do concurso a calquera participante que realice un mal uso do mesmo, entendéndose como tal o incumprimento dunha ou máis condicións reguladas nas bases.

PREMIOS:

- Mellor foto categoría gandería: Trofeo Irmandiña
- Mellor foto categoría vida no rural: Trofeo Irmandiña
- Foto máis votada nas redes sociais e na propia feira: Trofeo Irmandiña + bono individual da piscina 2019.

Os premiados deberán en todo momento acreditar a súa identidade para poder acceder ós premios. No caso de que o premiado sexa menor de idade, deberá acudir acompañado polo pai, nai ou representante legal. A entrega de premios terá lugar no Mercado do sábado seguinte, día 29 de xuño, ás 12.00h.

A organización do concurso NON SE RESPONSABILIZA polos danos ou prexuízos de toda natureza, que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, poidan deberse á utilización indebida dos contidos. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases e a cesión á organización dos dereitos de reprodución, exhibición, comunicación pública e/ou transformación de todas as imaxes presentadas ó concurso. Así mesmo, cada participante, polo feito de selo, responsabilízase de que ostenta os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado.